

PLENO

**ACTA 2023/03 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 17/03/2023.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 9:30 horas do día indicado comparecen:

- 1 Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).
- 2 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 3 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 4 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 5 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE).
- 6 Alexander Doval Expósito (PP)
- 7 Silvia Suárez García (PP).
- 8 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 9 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 10 María Teresa Cendal Iglesias (OR).
- 11 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario titular do Concello D. Federico Suárez Cancelo. Preside a sesión o Sr. Alcalde D. Luís Rey Villaverde. Asiste o Interventor da Corporación D. Carlos Temprano Temprano. Non asiste a Concelleira D^a. Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE) e a Concelleira D^a. Lidia López Gándaras (PP).

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

1.-Aprobar inicialmente se procede a derogación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana do Concello de Oroso (EXP. 2023/G016/000001).

2.-Aprobar se procede a solicitude dunha subvención nominativa á Deputación Provincial de A Coruña para a construción dun novo polideportivo en Oroso (Exp. 2023/A007/000002).

O Sr. Alcalde procede a declarar aberta a sesión. Seguidamente procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.-Aprobar inicialmente se procede a derogación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana do Concello de Oroso (EXP. 2023/G016/000001).

Logo de ver a proposta de Alcaldía que di:

“Logo de ver a providencia de Alcaldía de data 14 de febreiro do presente ano, polo que se ordea o inicio de expediente de derogación da ordenanza

PLENO

fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Logo de ver os informes favorables da tesourería e da secretaría municipal que constan no expediente.

Visto o informe de intervención ao orzamento de 2023 de 15.12.2022 onde se alerta que a supresión do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana pode afectar a autonomía financeira do concello, circunstancia esta que tamén se pon de manifesto no informe de tesourería de 06.03.2023.

Considerando que xa nos últimos exercicios se produciu unha merma na recadación deste imposto por mor das bonificacións introducidas na ordenanza municipal reguladora do mesmo, así coma tamén como consecuencia das sentencias do Tribunal Constitucional que foron ditadas nos últimos anos.

Tendo en conta tamén que xa no orzamento municipal actualmente vixente para o exercicio 2023 non se contempla a recadación deste imposto, sendo aprobado o orzamento sen déficit inicial e sen por en risco a capacidade financeira do concello.

O Alcalde-Presidente do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais e artigo 22.1 d) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a derogación da vixente Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (BOP nº 194 de 13.10.2022)

Segundo: Iniciar un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por un prazo de 30 días hábiles, dentro do que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: Elevar a definitivo o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o seu grupo vai a apoiar a derogación desta ordenanza porque se trata dun tributo que tivo unha gran contestación social sobre todo cando se trata de transmisións mortis causae. Ao longo desta lexislatura houbo posicións encontradas en relación a este tributo, sobre todo o PP defendeu que se derogase e así o

PLENO

pediu en varias ocasións e agora o goberno local de xeito electoralista o elimina. Por outro lado esta o posible desequilibrio económico que se poida xerar e do que advirte o interventor municipal, e nese sentido se poden tomar medidas como por exemplo sinala que el paga pouco polo seu vehículo.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen sinala que sempre defenderon desde o seu grupo a eliminación deste tributo, é certo que desde o ano 2013 se estableceron diferentes bonificacións e hoxe por fin se elimina definitivamente, en parte debido á sentenza de casación que existe, outro tema será que aínda está pendente de pronunciarse o Tribunal Supremo en relación ao efecto retroactivo e nese sentido pode ser que o Concello de Oroso teña que devolver parte do recadado e non é pouco diñeiro.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que traen agora a derogación deste tributo porque xa estaba previsto no orzamento municipal e non ten carácter electoralista. As sentenzas tampouco obrigan a eliminalo pero na situación económica na que nos atopamos non queremos cargar con mais cargas á xente. O certo é que o Alcalde de Madrid que é do PP dixo que estaba de acordo con que se eliminase pero que lle deran por outro lado os 15 millóns que viña recadando, porque é moi bonito quitar tributos pero como ben dixo José Manuel Mirás Pulleiro é necesario manter o equilibrio económico. En todo caso e como xa dixen na Comisión Informativa os datos da presión fiscal no Concello de Oroso son moi bos e ten unha presión de 321 euros que é moito menos da que se ten a nivel dos concellos de Galicia ou do resto de España, hai case que 70 euros prorrateado menos de presión fiscal comparado con Galicia e o resto de España e se inverte case 100 euros mais por persoa en comparación co resto dos concellos de España, todo isto o di un informe dun técnico e non o estou a dicir eu.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: once (5 do PSdeG-PSOE; 3 do PP; 2 de OR; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: ningún 0 votos adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a derogación da vixente Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (BOP nº 194 de 13.10.2022)

Segundo: Iniciar un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por un prazo de 30 días hábiles, dentro do que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro: Elevar a definitivo o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.”

PLENO

2.-Aprobar se procede a solicitude dunha subvención nominativa á Deputación Provincial de A Coruña para a construción dun novo polideportivo en Oroso (Exp. 2023/A007/000002).

2.-Aprobar se procede a solicitude dunha subvención nominativa á Deputación Provincial de A Coruña para a construción dun novo polideportivo en Oroso (Exp. 2023/A007/000002).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“Logo de ver o informe xustificativo da necesidade do investimento de CONSTRUCCIÓN NOVO POLIDEPORTIVO NO CONCELLO DE OROSO asinado polo concelleiro de deportes, don Antonio Leira Piñeiro o día no que xustifica a necesidade do dito investimento xa que o Concello de Oroso ten dentro das súas competencias a de promover ás actividades de ocio e deportivas entre os/as seus/súas veciños/as dotando de instalacións e espazos axeitados para tal fin e dado o elevado incremento da demanda de exercicio de deporte en instalacións cubertas e sendo a actividade deportiva ao mesmo tempo moi necesaria para a saúde e como prevención para fomentar hábitos máis saudables, resultando insuficiente a única instalación cuberta que existe no concello e non sendo posible neste intre acudir a programas de subvención de concorrencia competitiva ou plan provincial adecuado ás urxentes demandas descritas, que requiren por parte dos/as responsables municipais dun excepcional esforzo na prestación de servizos básicos municipais.

Tendo en conta que o Concello de Oroso dispón dun espazo ben situado, preto do CEIP Camiño Inglés o que significa que tamén pode dar servizo á comunidade educativa nas actividades escolares, e tendo en conta que dita parcela ten bos accesos e zona de aparcadoiro.

Considerando que a Ordenanza Xeral de subvencións e outras transferencias da Deputación Provincial da Coruña establece no artigo 16 que no caso de que unha entidade pública considere que un proxecto deba ser obxecto dunha subvención de concesión directa, poderá presentar unha solicitude achegando , entre outra documentación, certificado do acordo do Pleno da Corporación , no que conste o interese público provincial da solicitude da subvención provincial debendo facer constar no acordo o importe da subvención solicitada e do coeficiente de financiación proposto.

Por todo o anterior e tendo en conta as atribucións que me confire o artigo 21da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, en relación co artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime

PLENO

xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno:

PRIMEIRO.- SOLICITAR unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña polo seguinte importe para a execución do proxecto de CONSTRUCCIÓN DUN NOVO POLIDEPORTIVO EN OROSO por razóns de interés público xa que se pretende satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal derivadas do incremento da demanda de exercicio de deporte en instalación cubertas que existe na actualidade, dotando a este concello. de poboación maioritariamente xoven, dun equipamento de cercanía para a práctica de deportes en instalacións cubertas xa que a existente resulta insuficiente e non é posible acudir neste intre a subvencións de concorrencia competitiva ou plan provincial adecuado:

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Deputación	Concello	Orzamento total	Coefficiente de financiación
Construcción novo polideportivo en Sigüeiro	400.000	1.100.000 €	1.500.000 €	26,66%

SEGUNDO.-DAR TRASLADO deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.”

Ábrese unha quenda de intervencións:

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que é a política de grandes obras para buscar efectos electorais e tapar outras necesidades de infraestruturas necesarias que son mais pequenas pero igual de necesarias. Como exemplo de planificación de infraestruturas deportivas do Concello podemos poñer os campos de fútbol que temos 6 e non temos ningún. Si é certo que aumentou a demanda dun novo polideportivo, pero tamén hai que pensar que facer co actual en todo caso. Como xa dixemos na Comisión Informativa a nosa opción pasa por utilizar e adaptar o pavillón do CEIP Camiño Inglés. Por outro lado está o reparo que fixo o Interventor da Corporación na Comisión Informativa que xa tivo ocasión de dicir que non existía consignación económica no orzamento municipal para facer fronte á parte que lle correspondería aboar ao Concello.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que debemos partir de que nos consideramos que efectivamente é necesaria unha nova instalación deportiva pero solicitamos o proxecto e non se nos facilitou e unicamente o que temos no expediente que é a memoria asinada polo técnico de deportes fala de aproximadamente 1.500.000 euros, pero falando con outros Alcaldes ou simplemente mirando en internet vemos que

PLENO

infraestruturas semellantes custan mais de 2.000.000 euros polo que é facer prever que custará mais do que din. Considera igualmente que como xa dixo na Comisión Informativa D. José Manuel Mirás Pulleiro está tamén a posibilidade de realizala na parcela de AENA e habería outras opcións. En todo caso nos nunca imos a votar en contra de inversións que poidan chegar ao Concello e tamén colaboraremos en que a Xunta de Galicia poida aportar pero xa dixo o Interventor que neste orzamento non existía nin un euro destinado a este proxecto por parte do Concello, polo que o tema non está verde, está aínda verdísimo.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE), afirma que efectivamente é un proxecto que está ao principio e o primeiro que se ten que facer é detectar se existe necesidade e xa comprobamos que efectivamente existe necesidade falando cos usuarios e a partir de aquí o Concello móvese a fin de conseguir financiamento, de momento a Deputación xa dixo que si, pero en cambio a Xunta levamos esperando para manter unha reunión sobre este tema varios meses xa que se comprometeron verbalmente a que nos concederían unha axuda a lo menos igual á concedida pola Deputación Provincial. Non é ningún brinde electoral se non que é un proxecto consensuado e esperamos que cada Administración cumpra e aporte o que se comprometeu e desde a Xunta de Galicia se nos pediu que esperásemos a que pasara o Nadal xa que a Xunta ía a poñer 19 millóns para infraestruturas deportivas, e así o fixo e estamos esperando a que se nos reciba e estamos tendo moita paciencia. En relación á parcela de AENA levamos anos esperando a que nola cedan e non o conseguimos, a parcela que escollemos é unha parcela funcional xa que é unha parcela que está preto do colexio e consideramos que iso é bo. En relación ao pavillón do CEIP Camiño Inglés, meter un pavillón alí como o que se pretende é moi complicado xa que a comunidade educativa non está de acordo, non o autoriza a Consellería de Educación porque xa o consultamos, se pediu tamén a posibilidade por exemplo de usar o soto como albergue de peregrinos e tamén dixeron que non. A viabilidade de facelo no CEIP é imposible porque non o permite a comunidade educativa. Esta é unha necesidade imprescindible e non é unha páxara electoral e son necesarios os dous polideportivos. E non olvidemos que o Concello de Oroso vai a buscar fondos pero que D. Alexander Doval Expósito pode apoiar para que se concedan pola Xunta de Galicia e acelerar esa xestión e que nos reciban.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que se teñen que poñer os pes na terra e si que é necesaria unha nova infraestrutura pero non hai diñeiro xa o dixo o interventor que non había cartos. O tema do CEIP do Camiño Inglés se estaba previsto no proxecto orixinal ao mellor se pode recuperar. Reitera que se ten que ter planificación nas infraestruturas deportivas, e temos o exemplo dos campos de fútbol que historicamente se xestionaron moi mal neste Concello. O pavillón deu o seu rendemento desde o ano 1992, aínda que sexa necesaria unha nova infraestrutura non hai cartos. A parcela de AENA está no PXOM a posibilidade de trasladar a antena e iso terá un valor legal independentemente do que diga AENA.

PLENO

D. Alexander Doval Expósito (PP), considera que a intervención de D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) é realmente como non dicir nada, nos non dixemos que a infraestrutura non sexa necesaria se non que se nos vendeu un proxecto como se fora unha realidade e está verdísimo. Din que podemos facer xestións diante da Xunta e nos poderíamos dicir o mesmo respecto de AENA poden chamar a AENA ou ao goberno de España para que lles ceda a parcela. A realidade é que o orzamento previsto non é suficiente, deberían traer un proxecto real que se poida ver, vostedes queren descargar a súa responsabilidade noutras administracións pero o certo é que é a competencia do Concello. Aínda así nos imos a votar a favor xa que sempre votamos a favor de calquera inversión que poida vir ao Concello.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que o primeiro é sinalar que quen considere que non existe esta necesidade non debe vivir en Oroso, xa que existe e cando estean os dous pavillóns estarán os dous cheos e o que se ven usando actualmente tamén xa que baloncesto ten pensado ampliar as súas categorías. O que non é normal é que un rapaz salga ás oito da tarde e adestrar cando tería que estar xa na cama. O tema do orzamento, claro que temos que dicir que o Concello se compromete a aportar esa cantidade restante pero o certo é que estamos traballando en dúas vías, por un lado a Xunta de Galicia que quedou en recibirmos despois de Nadal e aínda estamos esperando e se comprometeu directamente a darnos cartos. Por outro lado estamos traballando nunha terceira administración pero que non quixemos facer propaganda política como vostedes din e a pasada semana estiven en Madrid falando deste tema a ver se conseguía financiamento e igualmente respecto da rotonda do polígono. O interventor da corporación dixo o que tiña que dicir porque é un técnico, dixo que o Concello non tiña crédito para poñer o resto, pero o Concello non vai a poñer o resto. En canto ao tema da finca de AENA xa o explicou ben D. Antonio Leira Piñeiro e engado que o problema que ten alí e que levar a auga e a luz a esa outra parcela custa mais que medio polideportivo. Por último, en relación aos campos de fútbol os 4 que se están utilizando dan bo servizo. É certo que o de Deixebre necesita que se arranxen os vestiarios pero o resto se poden utilizar, e en todo caso resulta paradóxico dicir que non hai cartos para un polideportivo pero logo queremos un campo de fútbol como o do Bernabeu.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: nove (5 do PSdeG-PSOE; 3 do PP e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos)

Abstencións: dúas (2 de OR) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- SOLICITAR unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña polo seguinte importe para a execución do proxecto de CONSTRUCCIÓN DUN NOVO POLIDEPORTIVO EN OROSO por razóns de interés publico xa que se pretende satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal derivadas do incremento da

PLENO

demanda de exercicio de deporte en instalación cubertas que existe na actualidade, dotando a este concello. de poboación maioritariamente xoven, dun equipamento de cercanía para a práctica de deportes en instalacións cubertas xa que a existente resulta insuficiente e non é posible acudir neste intre a subvencións de concorrencia competitiva ou plan provincial adecuado:

Financiamento do investimento:

Denominación do investimento	Deputación	Concello	Orzamento total	Coefficiente de financiación
Construcción novo polideportivo en Sigüeiro	400.000	1.100.000 €	1.500.000 €	26,66%

SEGUNDO.-DAR TRASLADO deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.

Neste intre o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 10:09 horas do día sinalado ao comezo da presente acta, que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e praxe do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde - Presidente
Luís Rey Villaverde

O Secretario
Federico Suárez Canelo.